ACTA DA XUNTA ELECTORAL

Data: 23 de novembro de 2026
Hora: 10:00 horas
Modalidade: Reunión presencial

FEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA XUNTA ELECTORAL

En A Coruña, sendo as 10:00 horas do día 23 de novembro de 2026, reúnese a Xunta Electoral da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia, coa asistencia das seguintes persoas:

- D. Daniel Arcas Gosende, Presidente.
- D. Alejandro Santiago Ramos, Secretario.
- D.ª Sabela Peromingos Marcos, Vogal.

Actúa como Secretario da sesión D. Alejandro Santiago Ramos, quen redacta a presente acta.

EXPÓN

Primeiro. Recepción e exame do Acta da Asemblea Xeral Extraordinaria. Pola Secretaria dase conta da recepción do Acta da sesión da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 21 de novembro de 2026, comprobado o cumprimento do quórum de asistencia e a regularidade formal do desenvolvemento da sesión, verifícanse os acordos asumidos pola dita Asemblea..

Segundo. Proclamación Provisional do Presidente. De conformidade coa Fase VIII, punto 1 do Calendario Electoral Oficial visado, e á vista do resultado recollido no Acta da Asemblea Xeral Extraordinaria, esta Xunta Electoral ACORDA POR UNANIMIDADE a PROCLAMACIÓN PROVISIONAL como Presidente da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia, a favor de:
• Dona Nuria Rodríguez Suárez.

Terceiro. Constatación da firmeza da Comisión Delegada. Esta Xunta Electoral fai constar que a composición da Comisión Delegada da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia, adquiriu carácter DEFINITIVO E FIRME, polo que a dita representación queda ratificada coa seguinte composición xa proclamada:

Representación das entidades deportivas:

- Club Salvamento Arteixo (SALVAR).
- Club Salvamento e Socorrismo Carballo (SYSCA).

Representación dos demais estamentos:

- D.ª Verónica Naya Rama, polo estamento de xuíces e xuízas.
- D. David Lista Facal, polo estamento de deportistas.

Cuarto. Apertura do prazo de reclamacións. De conformidade coa Fase VIII, punto 2 do Calendario Electoral Oficial, ábrese o prazo para a interposición de reclamacións ante esta Xunta Electoral exclusivamente contra a proclamación provisional do Presidente desde o día 23 de novembro ata o día 26 de novembro de 2026. As reclamacións deberán dirixirse ao correo electrónico oficial desta Xunta Electoral: procesoelectoralfessga2026@gmail.com. En caso de non interpoñerse reclamacións no devandito prazo, a proclamación da Presidencia elevarase a definitiva o vindeiro 27 de novembro de 2026 (Fase VIII, punto 3 do Calendario Electoral).

Quinto. Ordénase a publicación inmediata da presente Acta no taboleiro de anuncios e na páxina web oficial da FESSGA para o xeral coñecemento. Sen máis asuntos que tratar, lévantase a sesión sendo as 10:30 horas da data arriba indicada, estendéndose a presente acta que asinan todos os membros desta Xunta Electoral.

En A Coruña a 23 de novembro de 2026.

E para que así conste, asinan

O Presidente
D. Daniel Arcas Gosende

Asdo.: _____

O Secretario
D. Alejandro Santiago Ramos

Asdo.: _____

A Vogal
Dª. Sabela Peromingos Marcos

Asdo.: _____